



RESOLUCIÓN DE AUTORIZACIÓN SOLICITADA POLA ASOCIACIÓN DE GANDEIROS DE RAZA CABRA GALEGA (CAPRIGA) RELATIVA O USO DO LOGOTIPO “RAZA AUTÓCTONA ” NOS PRODUTOS DA ESPECIE DE GANDO CABRÚN AUTÓCTONO DE RAZA CABRA GALEGA, AO AMPARO DO REAL DECRETO 505/2013, POLO QUE SE REGULA O USO DO LOGOTIPO “RAZA AUTÓCTONA” NOS PRODUTOS DE ORIXE ANIMAL.

ANTECEDENTES

A Asociación de Gandeiros de raza Cabra Galega (CAPRIGA) con CIF G 32413668, e enderezo social en Pazo de Fontefiz, 32152. Coles. Ourense, presentou o 18 de novembro de 2014 ante a Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, para a súa aprobación , o “Prego de condicións para o uso do logotipo “Raza Autóctona” para os produtos da especie de gando caprino autóctono de raza cabra galega segundo Real Decreto 505/2013, de 28 do xuño”.

Con posterioridade, o 25 de febreiro de 2015, a mesma asociación CAPRIGA, presentou un novo prego de condicións, que sería o prego de condicións definitivo para o que se solicita a aprobación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS.

O Real Decreto 505/2013, de 28 de xuño, polo que se regula o uso do logotipo “raza autóctona” nos produtos de orixe animal, establece que o Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente cedera o uso do logotipo “raza autóctona” as asociacións de criadores de animais de razas autóctonas. Estas asociacións elaboraran un prego de condicións para o uso de dito logotipo e deberan presentalo para a súa aprobación ante a autoridade competente.

O artigo 2 do RD 505/2013, establece que a autoridade competente son os órganos competentes da comunidades autónomas. De acordo co establecido no Decreto 132/2014, do 2 de outubro, polo que aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar, a competencia para ditar esta resolución corresponde a directora xeral de Producción Agropecuaria, en consecuencia:



RESOLVO

Aprobar o prego de condicións presentado pola **Asociación de Gandeiros de raza Cabra Galega (CAPRIGA)**, autorizando o uso do logotipo "Raza Autóctona" para os produtos da especie de gando caprino autóctono de raza cabra galega, de acordo co establecido no art. 3 do RD 505/2013, de 28 de xuño.

A asociación deberá de cumprir as obrigas que se recollen no Real Decreto 505/2013, de 28 do xuño e mais concretamente as detalladas no seu artigo 6.

Contra a presente resolución que non pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Medio Rural e do Mar, no prazo DUN MES contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2015

A directora xeral de Produción Agropecuaria

The image shows a circular official stamp of the Xunta de Galicia, specifically the Consellería do Medio Rural e do Mar. The stamp contains the text "XUNTA DE GALICIA" at the top, "CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR" around the perimeter, and "DIRECCIÓN XERAL DE PRODUCCIÓN AGROPECUARIA" in the center. Overlaid on the stamp is a handwritten signature in black ink.

Patricia Ulloa Alonso